

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 10 DE XUÑO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Silvia Mosteiro Monterroso
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretario-Interventor:

D. Eladio Bendaña Pardo

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 12:00 horas do día dez de xuño de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D^a. Ana Ledo Fernandez

Non asiste nin xustifica a súa ausencia, o Concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos polo secretario-interventor do Concello D. Eladio Bendaña Pardo.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do día 27/04/2015 e acta da sesión ordinaria de data 30/04/2015 do Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á primeira das mesmas, correspondente á sesión extraordinaria do día 27/04/2015. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos concelleiros presentes, aproba a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de data 27/04/2015.

De seguido, e de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa-Presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á acta correspondente á sesión extraordinaria do día 30/04/2015. Manifesta o Sr. Fontecoba que nesa sesión dixerónse cousas que non constan na acta. No mesmo sentido maniféstase o Sr. Rivas. A Sra Alcaldesa dá a palabra ao Sr. Secretario, quen pon de manifesto que, sen prexuízo das súas observacións, e tendo en conta que non está presente a Sra. Secretaria-interventora redactora da acta, debe lembrarse que a súa obriga legal é a de recoller sucintamente as opinións emitidas, e só cabería subsanar meros erros materiais ou de feito. Manifesta o Sr. Fontecoba que, se acaso, xa se fixo así a propósito.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete a votación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 30/04/2015, obténdose o seguinte resultado: dous votos a favor e oito votos en contra. En consecuencia, non queda aprobada a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 30/04/2015.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e do secretario, que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

O SECRETARIO,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 10 de xuño de 2015, está transcrita no folio da Serie A nº 3070541

A SECRETARIA,